

Semana do 8 ao 12 de xuño de 2020

Queridas familias,

Empezamos a penúltima deste estraño curso escolar, e, como faríamos no cole, esta sería a semana que daríamos por rematados os libros xa que se aveciñarían días de excursións, talleres, xogos, actuacións...

Este ano non poderemos desfrutar xuntos, pero tamén queremos cumprir co programado e por esta razón a semana que ven recibiredes algunha que outra proposta máis lúdica, e deixamos que flexibilidade nas tarefas escolares en función das vosas necesidades.

Tamén as profes, esta semana comezamos a ir ó cole e temos que preparar moitas cousas que non nos permitirá estar tan pendentes do ordenador, xa que nos solicitan facer informes e documentos nos que, noutras ocasións, teríamos máis tempo xa que os prazos non eran tan curtos... Isto non significa que xa non vaiades a saber nada de nós, simplemente que decidimos enviar a explicación das fichas que faltaban, que eran poucas, todas xuntas, para que vos organicedes vós e non teñamos que estar pendentes de cando se colga o traballo diario, pero nós aquí seguimos para o que necesitedes, aclarar dúbidas e preparando algunha que outra sorpresinha que tamén se merecen as nosas pequenas e pequenos.

Sen máis...comezamos a rematar!

ÁNIMO!

08 /06/2020

FICHA Nº15: Animais nocturnos do estanque e diferenza entre día/noite.

Coñecedes algúns animais que están activos de noite? Explicarémolles ao neno/a o que son os animais nocturnos. (os que dormen de día e comen e realizan as súas actividades durante a noite). Para explicar isto podemos ver os seguintes vídeos:

<https://www.youtube.com/watch?v=KmZLRfJJORs>

<https://www.youtube.com/watch?v=axYhg3Cgpz4>

Imos a centrarnos nun animal nocturno específico, a luciérnaga. (en galego chámase lucecú).

Podemos ver os seguinte vídeos relacionados con estes animais.

<https://www.youtube.com/watch?v=2aeL0M3hyZg>

<https://www.youtube.com/watch?v=NAXVdSn3UJM> (conto)

<https://www.youtube.com/watch?v=YyotQu7XSn8> (canción)

Pasamos agora a realizar a actividade da ficha. Toca debuxar lucecús para o cal sería convinte mesturar pintura de dedos amarela con purpurina e estampar cos dedos no ceo huellas que representarán aos animais. (se non dispoñedes de pintura de dedos ou de purpurina non pasa nada, podedes empregar témpera, rotuladores amarelos, pegar papeis amarelos pequenos...).

No **reverso** da ficha os nenos/as deberán debuxar e pintar outros animais nocturnos. Debaixo de cada un deberán escribir o nome dos mesmos (coa axuda do adulto).

AMPLIACIÓN: dividimos un folio pola metade. Nun lado os nenos/as debuxarán actividades que eles fagan polo día (merendar, almorzar, xogar, ...) e polo outro deberán debuxar accións que fan pola noite (dormir, ler un conto cos papás, cear...).

AMPLIACIÓN: Manualidade sobre rebuscar no fondo do estanque.

Para levar a cabo dita actividades podemos ver os pasos no seguinte vídeo.


<https://www.youtube.com/watch?v=8atMWf5GwOw>

O material que se precisa para facelo son:

- Funda de plástico para folios.
- Rotuladores permanentes para poder pintar sobre o plástico (o adulto pode facer o contorno do debuxo e o neno/a pintar)
- Cartulina ou folio escuro.
- Pintar unha linterna nun folio.




AMPLIACIÓN: Podemos crear o noso propio tarro cheo de lucecús. Para iso precisamos pintura fosforescente (hai témperas, barníces...) (tamén pode valer os químicos que hai dentro de pulseiras/barras fluorescentes para festas). Nun tarro de cristal lavado e seco pintarán pequenos puntos con pincel.



Cando seque a pintura. Cando seque a pintura, de noite, colocaremos o tarro a unha fonte de luz intensa un ratiño. Logo só queda apagar as luces e ver o que sucede.



AMPLIACIÓN: Como os outros días pódese ampliar con unha ficha de ampliación desta vez de lóxica-matemática. A miña recomendación é usar a seguinte (aínda que queda a vosa elección):



09 /06/2020

FICHA Nº16: Desenvolvemento do pensamento creativo.

Hoxe toca deixar voar a imaxinación e crear animais. Cos troqueles os nenos/as deberán inventar un animal divertido mesturando as partes do corpo de distintos animais que viven no estanque. Cando termine terá que pensar nun nome e escribilo (coa axuda do adulto). No


reverso deberá pegar os troques que lle sobrarian e escribir (coa axuda do adulto) a que animal lle podería pertencer.

AMPLIACIÓN: Toca xogar. O neno/a deberá pintar unha parte dun animal e o adulto (ou irmá) deberá debuxar a outra parte. Cando estean as diferentes partes unirémolas e veremos que sae de aí.


AMPLIACIÓN: Podemos traballar o conteo e a identificación dos números do seguinte xeito: collemos 9 vasos de plástico e debuxámoslles puntos (1-ata o número que queirades por exemplo o 9). Logo nun folio debuxamos unha pirámide de vasos con números dentro (os números en lapis para poder borrar e cambialos). O neno/a deberá construír a pirámide como indica o folio.



Outra opción para traballar os números e crear un "xarrón/talo dunha flor" con un rolo de papel de cocina o cal deberemos cortar en 9 cachos e escribir os números. O neno/a deberá facer a recta numérica.



AMPLIACIÓN: Como os outros días pódese ampliar con unha ficha de ampliación desta vez de lectoescritura. A miña recomendación é usar a seguinte (aínda que queda a vosa elección):



10/06/2020

FICHA Nº17: Discriminación auditiva: forte/suave.

Toca discriminar o son que fai a auga que en ocasións é forte e noutras suave. Para facer a ficha tendes que escoitar a pista deste código QR e o rapaz/a deberá colocar un gomet marrón no sons fortes e rosas nos sons suaves.



AMPLIACIÓN: Toca cantar as cancións que máis vos gusten. Cando o adulto (irmá) teña a man arriba deberán cantala moi alto pero cando a baixe tocará cantala baixiño.

AMPLIACIÓN: Poñemos unha canción que lles guste aos nenos/as (baby shark vale 😊). O rapaz deberá camiñar ou bailar a canción ata que o adulto decida pausar a música momento no que o neno/a quedará quieto como unha estatua.


AMPLIACIÓN. Outra maneira e que o adulto (irmá) toque unha pandeireta (ou outro instrumento) Cando realice sons fortes o neno/a camiñará como un xigante pisando forte e cando se realicen sons suaves, camiñará de puntillas.

AMPLIACIÓN: Podemos seguir traballando o conteo con unha baralla de cartas (colocará de xeito ascendente todos os paus). Outra opción é traballalo con pezas de construcións como se ve na imaxe.



AMPLIACIÓN: Como os outros días pódese ampliar con unha ficha de ampliación desta vez de lóxica-matemática. A miña recomendación é usar a seguinte (aínda que queda a vosa elección):


NOMBRE

	+		=	
	+		=	
	+		=	

11 /06/2020

FICHA Nº18: Toca pintar outro animal do estanque, a carpa. Podedes pintalo coa técnica que máis vos guste (témpera, pintura de dedos, ceras brandas...).

No **reverso** da ficha o neno/a (ou o adulto) pintará un peixe con todas as súas partes. Logo o meniño/a escribirá o nome dalgunhas. (cabeza escamas, aletas). Finalmente pintarán o debuxo. Se o preferides podedes imprimir a seguinte imaxe e pegala no reverso da ficha do libro.




AMPLIACIÓN: Nun folio podemos os adultos debuxar un peixe coas escamas o neno/a deberá pegar churros de plastilina nas espiñas. Outra opción é imprimir a ficha seguinte e facelo aí.

Pintar a cola e a cabeça do peixe. Pega churros de plastilina das espiñas.


LOS



POR DENTRO TIENEN ESPINAS:



AMPLIACIÓN: Como os outros días pódese ampliar con unha ficha de ampliación desta vez de lóxica-matemática. A miña recomendación é usar a seguinte (aínda que queda a vosa elección):



12 /06/2020

FICHA N°19: Figuras xeométricas.

Colorearemos de marrón o peixe con forma de cadrado. Colorearemos de rosa o peixe con forma de triángulo e finalmente de moitas cores o peixe con forma de círculo.

No **reverso** seguiremos a serie. Logo debuxarán no espazo que lles queda:

- 1 triángulo
- 2 cadrados
- 3 círculos

Finalmente pintarán as figuras como queiran.

AMPLIACIÓN: Debuxamos con pintura de dedos ou pinceis cadrados, triángulos ou círculos.




AMPLIACIÓN: Traballar co Tangram tamén pode ser unha boa actividade de ampliación. Déixovos a continuación algunha páxina onde podedes traballar con el. (os nenos/as deberán colocar as pezas para formar as imaxes).

<http://www.pekegifs.com/juegoseducativos/juego-tangram.htm> (ordenador)


[MY FIRST TANGRAMS de Ar Entertainment \(para android\)](#)

AMPLIACIÓN: Toca facer a manualidade dos xeados. É preciso debuxar, decorar e recortar tres triángulos (que serán os conos). Logo faremos varios círculos que deberemos colocar sobre os triángulos (poñeranse tantas bolas de xeado como indique o adulto).



AMPLIACIÓN: Como os outros días pódese ampliar con unha ficha de ampliación desta vez de lóxica-matemática. A miña recomendación é usar a seguinte (aínda que queda a vosa elección):

VÁ A CADA ANIMAL AO SEU FOGAR. REPASA E LOGO ESCRIBE OS NÚMEROS.



15 /06/2020

FICHA Nº20: Iremos completar o estaque de Momet o cal aparece na fotografía. Para iso poden recortar e pegar animais e plantas que atopen en revistas ou de Internet. Tamén os poden pintar e debuxar con rotulador.

AMPLIACIÓN: No **reverso** realizaremos un debuxo. Antes de comezar a facelo ensinaremoslles aos nenos/as diferentes cadros de Monet (buscádeos no móbil). O neno/a deberá facer unha interpretación (facer algo inspirado nun cadro, ou facelo parecido) dun cadro deste artista. (empregade a técnica que queirades).

AMPLIACIÓN: Podemos crear o noso estanque particular (ou o mar se vos é máis fácil) dentro dunha bolsa de conxelados.



Para facelos precisaremos o seguinte material

- Bolsa de plástico con cierre zip (a ser posible sen debuxos)
- Gel de baño ou champú transparente a ser posible (tamén se pode empregar gomina para o pelo)
- Colorante azul (alimenticio ou senón algo de témpera)
- Purpurina (opcional)

- Miniaturas de xoguetes de peixes, estrelas de mar, cunchas...
- Cinta de embalar.

Botamos na bolsa o gel e incluímos o colorante e a purpurina. Añadimos as miniaturas re ras ou outros animais do estanque (se o facedes do mar diferentes peixes) e cerramos ben a bolsa extraendo todo o aire do interior. A bolsa ten que cerrarse ben e é recomendable re remate con cinta de embalar para evitar que se derrame por algún sitio.



AMPLIACIÓN: Outra opción e facer unha especie de "lámpara máxica". Para iso precisaremos os seguinte ingredientes :auga, aceite de xirasol, botella de plástico valeira, colorante alimenticio (se é posible azul) e unha pastilla efervescente (como pode ser a aspirina).



1. Botamos na botella arredor de $\frac{1}{4}$ de auga. Logo mesturaremos na auga o colorante.
2. Despois encheremos a botella con aceite vexetal (engadirase o aceite amodo).



3.- Finalmente engadir a pastilla efervescente e observar o que sucede.



AMPLIACIÓN: Podemos seguir pintando con pincel (cousa que a parte dos nenos lles gusta moito) pero desta vez podemos crear as nosas propias acuarelas con alimentos. Para iso podemos empregar café, terra, colorante alimenticio, canela en pó, pementón, remolacha... trátase de mesturar estes alimentos con auga tibia (ou témpera branca). Finalmente tras crear as nosas propias acuarelas toca deixar voar a imaxinación e pintar coas mesmas.



E con isto, terminouse o libro e o traballo deste curso tan peculiar!!!

PARABÉNS AOS NENOS/AS E ÁS FAMILIAS POR ESTE GRAN ESFORZO.

